


LÓXICO-MATEMÁTICAS:

Como neste trimestre comezamos a traballar co número 8 propoño que fagades xogos nos que teñan que asociar o número coa cantidade, exemplo:

- Busca 8 botóns, 7 pedras, 5 culleres,...

Facemos sumas ata o 8 con obxectos da casa:

Ex.



Practicamos a escritura dos números do 1-8

Clicando no seguinte enlace entraredes nunha páxina onde hai moitas propostas de xogos online para practicar contes, series, ordenar números, colorear por números...:

<http://www.cristic.com/infantil/matematicas/>

E para os que teñades a posibilidade, poderdes imprimir as fichas que están no arquivo chamado **MATES.*

LECTO-ESCRITURA :

- No arquivo chamado rimas, hai unha folla para cada día. Terán que buscar cal é o debuxo que rima co que está no cadro. Logo inventarán unha frase coas dúas palabras, a escribirán nun folio (coa rosa axuda) e farán un debuxo. Exemplo para a primeira:

MANZANA/RANA: LA RANA SE COMIÓ UNA MANZANA

- Nos seguintes enlaces hai uns xogos de recoñecemento de letras.

<https://arbolabc.com/juegos-de-vocales/juguemos-con-burbujas-vocales>

<https://arbolabc.com/juegos-del-abecedario/juguemos-con-burbujas-alfabeto>

**Podedes imprimir a ficha que pon
MAYÚSCULAS para repasar.*

GRAFOMOTRICIDADE :

- Traballaremos a motricidade fina con actividades do tipo:



É moi sinxelo, só tedes que debuxalo nun papel e poden facer os camiños con lentellas, arroz, botóns...

Se tedes tesoiras infantís, tamén sería interesante que practiquen a recortar, podedes utilizar os debuxos anteriores para que recorten polas liñas.

**No documento chamado GRAFO teñen unhas fichas para traballar o trazo. Poden facelas con lapis, de cores, con rotus...co que teñades por casa.*

PLÁSTICA: O INVERNO

Pois aquí van algunhas ideas se queredes facer algo de traballos manuais de inverno:



PROXECTO:

Como xa ven sendo habitual, cada trimestre facemos un proxecto. A idea sempre é que sexan os nenos e nenas (coa miña "axuda") os que elixan sobre o que queren investigar.

Esta vez vai ser diferente, xa que a nosa aula, xunto con primeiro e segundo de primaria van participar nun proxecto promovido pola Consellería de Educación chamado *Vexo, Veo Xacobeo*.



Aproveitando isto, penso que é moi interesante que traballemos sobre o camiño de Santiago, en especial o Camiño Portugués, que é o que pasa por Mos.

Cando xa esteamos todos no cole, enviarei a carta de presentación do proxecto, onde xa saberemos que nos inqueda e queremos traballar, tendo en conta a opinión dos nenos e nenas.

Pero como adianto, igual podedes ir buscando información, fotos, vídeos, contos...todo o que se vos ocorra.

E tamén podedes facer propostas...

Agardo as vosas ideas.